

A ALMACENAXE DOS PRODUCTOS FITOSANITARIOS

Erros mais frecuentes e consellos e recomendacións básicas



RISCOS NO ALMACENAXE --- ERROS MAIS FRECUENTES

Un dos apartados do traballo con fitosanitarios, no que mais erros se producen como consecuencia do xa citado descoñecemento, da deixadez, da subestimación do perigo ou dunha mezcla dos tres factores, e sen dúbida o referente o almacenaxe dos produtos fitosanitarios.

Esto leva a cometer con frecuencia “erros de bulto”, en moitos casos tan facilmente subsanables como potencialmente perigosos.

Compre profundizar nos mais habituais que son os seguintes :

1.) DESPROTECCIÓN DA CHOIVA, DO SOL E DA HUMIDADE.

Os produtos fitosanitarios deben estar almacenados en lugares secos, suficientemente ventilados e protexidos do sol e da choiva, dado que de non cumprirse estas condicións mínimas, non só diminúe (ou mesmo se desvirtúa) a eficacia do produto de cara ao fin para o que se mercou, senon que existe a posibilidade de que esa alteración das condicións produza procesos e reaccións perigosas.

A necesidade de facer especial fincaxe neste aspecto, débese a costume moi arraigada en moitas explotacións, de colocar os envases en calquer sitio libre, sen ter en conta as características e as condicións do mesmo.

2.) LUGARES DE ALMACENAXE SEN CHAVE E AO ALCANCE DOS NENOS E DOS ANIMAIS DOMÉSTICOS.

Dada as propiedades dos produtos fitosanitarios e absolutamente necesario evitar o acceso aos mesmos, a persoas descoñecedoras dos seus perigos e alleas a actividade para a que se usan.

Neste senso, comprende especialmente citar o perigo que supón o acceso dos nenos a produtos deste tipo coas graves consecuencias que podería ter.

No caso dos animais domésticos habería que engadir aos perigos citados, o perigo dunha hipotética transmisión a outros animais ou persoas.

Tamén eiqui abundan actitudes de descuido e de olvido do perigo que conleva un acceso físico asequible para calquera.

3.) INEXISTENCIA DE SEPARACIÓN DE ALIMENTOS E PENSOS.

E desgraciadamente frecuente o almacenamento nunha mesma zona de pensos e fertilizantes con produtos fitosanitarios.

Parece obvio o perigo potencial que se esconde detrás desta desafortunada ubicación dos pensos, xa que calquer derrame, ruptura do envase, salpicadura, etc..., podería afectar aos pensos que a sua vez van inxerir os animais coas consecuencias que esto poidera traer consigo, sobre todo si os animais van a sua vez ser obxecto de sacrificio para o consumo humano.

4 . ACCESO E MANEXO POR PERSOAS DESCOÑECEDORAS DOS PERIGOS DOS PRODUCTOS FITOSANITARIOS.

Mais ala dos xa mencionados nenos, resulta en xeral perigoso o acceso e hipotético manexo por parte de persoas que carecen da cualificación e/ou coñecementos para a manipulación destas sustancias.

A falla de que se vaia xeralizando aínda mais a tenencia do carnet de manipulador de produtos fitosanitarios por parte dos agricultor@s, e indispensable que as persoas que aínda non dispoñen do mesmo, teñan cando menos un nivel de coñecementos suficiente que evite usos e hábitos incorrectos, neste caso na almacenaxe, sendo esta consideración obviamente extensible ao resto dos ambitos de traballo con fitosanitarios.

Conven resaltar o mencionado, a vista do feito de que sobre todo en explotacións como a analizada, con excesiva frecuencia almacenan e manipulan os produtos persoas carentes dos mais elementais coñecementos e nocions na materia.

5. ALMACENAXE CONXUNTA DE PRODUCTOS CON DISTINTAS CATEGORÍAS DE PERIGO



Na almacenaxe dos produtos soese descoñecer ou obviar a norma de agrupar os produtos por categorías de produtos, de modo que os tóxicos se almacenan cos tóxicos, os corrosivos cos corrosivos, os inflamables cos inflamables, etc.....

Sen embargo, o habitual soe ser unha mezcla e almacenaxe conxunto de produtos destas distintas categorías de perigo, provocandose así o risco dun proceso reactivo entre produtos incompatibles.

Por elo e a modo de exemplo nunca deben estar xuntos produtos tóxicos con corrosivos.

6. PRESENCIA DE SUSTANCIAS INFLAMABLES



Polas mesmas razóns que as citadas no párrafo anterior, debe evitarse o por outra parte tamén habitual, almacenamento conxunto de produtos fitosanitarios con sustancias inflamables.

O caso clásico neste senso é o almacenamento conxunto dos fitosanitarios con gasoleos e gasolinas que se usan para o funcionamento de determinada maquinaria da explotación. (Vexase estantería inferior na foto de encabezamento.)

A regra básica neste tipo de situacións é a de gardar ditas sustancias inflamables nun armario aparte e cerrado con chave.

7. ENVASES EN MAL ESTADO.



Unha das tarefas básicas dun bo almacenamento (e normalmente descoidada) e o control do bo estado dos envases (e das súas correspondentes etiquetas).

Este control é fundamental para evitar que durante o proceso de almacenamento se produzan fugas e derrames e as conseguíntes consecuencias.

Frente a isto abundan nas estanterías das explotacións os envases deteriorados, (con frecuencia vacíos) e totalmente ou parcialmente abandonados ou ignorados, ata que se produce un novo proceso de reordenación do lugar.

8. PRODUCTOS FITOSANITARIOS FORA DO SEU ENVASE ORIXINAL

Con excesiva frecuencia atopanse almacenadas substancias fitosanitarias fora do seu envase orixinal, normalmente despois de que o envase orixinal fora tirado o lixo, quedando o resto da substancia en cuestión nun envase calquera que non reúne as mínimas condicións necesarias e que obviamente non se fabricou para tal fin.

Aparte do inadecuado do envase engadense ao citado outros perigos non menores :

- Nese envase inadecuado non figura ningún tipo de etiqueta, dado que a etiqueta orixinal que describe as características físicoquímicas do produto non se soe despegar do envase eliminado, desaparecendo conxuntamente co mesmo. Non serve de moito neste contexto que se faga algunha breve anotación nese novo envase que en todo caso nunca cubre a necesidade de información acerca da substancia.
- Mais ala da inexistencia dunha etiqueta coa súa información completa, son as propias características do envase inadecuado as que constitúen *per se* un perigo, dado que, como xa se dixo, o envase non foi deseñado para ese fin. Isto pode provocar, sobre todo na medida en que haxa restos do produto anteriormente envasado, alteracións moi notables nas características da propia substancia fitosanitaria.
- A propia existencia dun envase distinto ao orixinal e un factor de perigo, xa que pode dar lugar con certa facilidade a un proceso de confusión, no que se chega a confundir a substancia fitosanitaria co produto ao que orixinalmente se destinou o envase. As

consecuencias dunha confusión deste tipo poden ser extraordinariamente graves.

CONSELLOS E RECOMENDACIÓNS BÁSICAS

- O lugar de almacenaxe ten que estar protexido da choiva, do sol e suficientemente ventilado. Lonxe de calquera fonte de calor e con un extintor a man
- Os Produtos teñen que estar suficientemente identificados e correctamente sinalizados.
- Todos os produtos almacenados deben dispoñer de ficha de seguridade (ou equivalente)
- Os produtos teñen que estar almacenados nos seus respectivos envases orixinais. Así mesmo deben estar debidamente etiquetados e ese etiquetado debe conservarse durante o seu uso e a posteriori.
- Calquer produto fitosanitario debe estar sempre lonxe de criaturas e animais.
- Os produtos químicos perigosos deben almacenarse, agrupando os que teñen risco comúns e evitando a proximidade entre aqueles que presentan incompatibilidades (corrosivo con corrosivo, etc..).
- Debemos almacenar os produtos inflamables en armarios protexidos ou en algún recinto especial, dado que seu potencial de risco e aínda maior.
- Compre ter especial coidado na almacenaxe e manexo daquelas sustancias que son nócivas ou tóxicas en contacto coa pel ou que poden ser tóxicas por inhalación.
- Evitemos que baixo ningunha circunstancia haxa produtos de alimentación, pensos ou medicamentos cerca dos produtos almacenados.
- Si se producen derrames ou fugas, compre proceder de inmediato a unha profunda limpeza. En todo caso si observamos que hai algún envase deteriorado, non fagamos nunca o transvase do produto no almacén e nunca sen protección.